



Reivindicacións e información da CIG-Ensino para o 8 de marzo



O próximo **8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras**, a CIG sairá á rúa para denunciar que as mulleres non podemos seguir a pagar as consecuencias da crise: salarios que non chegan para soste o benestar dos fogares e servizos públicos recortados que non cobren as necesidades de atención a crianzas, maiores e dependentes. As mulleres somos as que ocupamos os **sectores máis precarizados** e as que temos o **80% das xornadas parciais**. Soportamos un **18 % máis de desemprego** e **unhas pensións un 35% inferiores ás dos homes**. Ademais asumimos maioritariamente a **xestión dos fogares**, co risco psicosocial que isto supón.

No **ensino público galego non universitario as mulleres supoñemos o 73.7% do persoal**. Ademais do continuo **empeoramento das condicións de traballo**: aumento do horario lectivo, de carga burocrática, afíns, itinerancias ... e **os recortes de salario**: perda do poder adquisitivo dende 2010 dun 17% (subas salariais insuficientes, pagas extras recortadas e ausencia de cobro do mes do verán para as substitutas) súmase a **precarización que supón a asunción do coidado de maiores e menores**, que recae moi maioritariamente nas

mulleres: excedencias, reducións de xornada, restricións de zona para aceptar contratos de traballo, renuncias... coa consecuente **fenda salarial e de cotización de cara á xubilación e a prestacións por incapacidade**. Tamén no ensino as mulleres levamos a peor parte!

Para a diagnose e a corrección das desigualdades que se producen, a elaboración e execución dun **Plan de igualdade docente** podería ser unha ferramenta útil, mais a **administración non tivo intención de negocio, pese a estar obrigada desde 2007**. Ademais este plan debe recoller a prevención do acoso moral, sexual ou por razón de xénero que se puidese producir no traballo e ante o que **non existe nestes momentos ningún protocolo de actuación que nos ampare**. O pasado mes de novembro a **CIG-Ensino publicou un informe divulgando os resultados da enquisa sobre igualdade na que participou un milleiro de docentes**, na que se manifestaba que **o 80% das mulleres participantes consideraba necesario un plan de igualdade e ata un 91% que podería ser útil** para combater os diferentes tipos de acoso que podemos sufrir no noso centro de traballo.

Cuestións que debera incluír un Plan de igualdade segundo a CIG-Ensino

- ♀ Exercicio corresponsábel dos dereitos da vida persoal, laboral e familiar: fomentar o uso dos permisos nos homes, posibilitar a adaptación da xornada sen facer redución desta, revisar a normativa de permisos e licenzas...
- ♀ Prevención do acoso: promover condicións de traballo que eviten o acoso e unha comunicación efectiva do protocolo de acoso a todo o persoal, incidindo na responsabilidade de cada unha das partes en garantir unha contorna laboral exenta deste tipo de condutas delitivas fomentando un clima no que estas non poidan producirse.
- ♀ Formación: garantir que a formación sexa realizada durante a xornada laboral asegurando que facer uso dos dereitos de conciliación non é unha barreira para o acceso a esta. Ofertar formación con perspectiva de xénero.
- ♀ Saúde laboral: realizar unha avaliación periódica dos riscos laborais físicos e psíquicos desde unha perspectiva de xénero poñendo especial atención á prevención dos riscos específicos que afectan ás

traballadoras, tales como riscos psicosociais, riscos ergonómicos e riscos laborais durante o embarazo e a lactación.

- ♀ Promoción profesional e infrarrepresentación feminina: avaliar a distribución do cadro de persoal nos postos de distinto nivel de responsabilidade para identificar a existencia, se é o caso, dunha infrarrepresentación de mulleres nos postos intermedios ou superiores e a distribución medindo o grao de masculinización ou feminización que caracteriza cada centro, departamento, equipo directivo...
- ♀ Proceso de selección ou contratación: recoller na convocatoria das oposicións o aprazamento para a realización das probas por maternidade, a lactación das crianzas sen perda de dereitos ou a exención de pagamento de taxas por ser vítima de violencia de xénero. Modificar a normativa para garantir que se reserve unha vacante e se lle recoñeza o tempo como servizos prestados a unha muller en situación de IT derivada do embarazo.

Recoñecemento da figura de Coordinación de Igualdade e Coeducación

Outro dos puntos que debería ir incluído no Plan de igualdade, e no que tamén basea a súa acción sindical a CIG-Ensino, é na reclamación, nas sucesivas Mesas de negociación coa administración, de que se recoñeza de facto a figura de coordinador ou coordinadora de Igualdade nos centros educativos e non se deixe de novo nas mans do voluntarismo do profesorado que asume estas funcións. Desde o sindicato demándase expresamente que esta figura conte con redución horaria, complemento económico e outro tipo de recoñecemento, como puntuación de cara ao Concurso de Traslados, ao igual que outras coordinacións. Esta demanda vese reforzada coas respostas da enquisa, xa que o 93% do profesorado participante comparte esta necesidade. Do contrario, a Consellaría estará lanzando a mensaxe de que a súa preocupación pola igualdade e a coeducación nos centros de ensino, que se amosa como unha das problemáticas máis graves da nosa sociedade actual, é só de cara á galería.

